



Galeguizar Galicia

Copyright da edición:
Asociación de funcionarios para a normalización lingüística de Galicia

Coordenación:
Xosé González Martínez, Xoaquín Monteagudo Romero,
Carme Pérez Vaquero, Xosé M. Rodríguez-Abella.

Revisión Lingüística:
Xosé González Martínez
Xosé M. Rodríguez-Abella
Carme Pérez Vaquero

Deseño, maquetación e fotografía:
Pío García

Impresión:
Litonor

Depósito Legal:



PRÓLOGOS

Incorporar a lingua galega á actividade comercial supón, cada vez máis, unha decisión vantaxosa para as contas de resultados das empresas. Ademais de consolidarse como a mellor estratexia comunicativa no ámbito empresarial, o galego contribúe a identificar unha referencia xeográfica que pola calidade contrastada dos produtos do país conleva sempre connotacións positivas.

A galega é a lingua maioritaria na sociedade e, polo tanto, un eficaz vehículo de comunicación no mercado. Sectores empresariais significativos en Galicia incorpóranos aos seus produtos como elemento diferenciador que axuda a marcar a súa procedencia e a incrementar a súa potencial clientela, conxugando a un tempo tradición e modernidade.

O peixe e o marisco, a carne e o leite, a moda e, sen dúbida, o viño galego identifícanse coa terra na que teñen orixe e coa xente que os elabora. Hoxe en día, inserido no fenómeno da globalización, o mercado reserva un importante espazo ao orixinal, ao xenuino, e a decisión de etiquetar en galego os produtos autóctonos reforza e reafirma ese sinal de procedencia.

O sector vinícola non é alleo a este factor - a lingua- de penetración no mercado. Xa son varias as adegas deste país que empregan o galego para vender os seus viños, dentro e fóra de Galicia. Agora, de forma case unánime, este relevante sector empresarial decide etiquetar en galego os seus produtos. Os adegueiros e colleiteiros reafirman deste xeito o seu compromiso coa terra e cun dos seus máis prezados froitos, a lingua, incorporando á súa actividade unha nova estratexia que consolida e normaliza o uso do galego nas relacións comerciais.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, prevé que a Administración pública estimule a etiquetaxe en galego e aproveite o valor de mercado da masa social, que considera a nosa lingua coma un valor engadido de certas mercadorías. As empresas vinícolas, tan asociadas á nosa riqueza cultural e gastronómica, fan súa esta tarefa normalizadora e asumen a galeguización das súas etiquetaxes, nunha aposta polo que nos é común que, de seguro, axudará á súa consolidación nos mercados. Parabéns, pois, aos adegueiros por esta iniciativa galeguizadora, que constitúe unha mostra máis do seu compromiso coa nosa terra, nai nutricia das súas vides. E aos consumidores que, a partir de agora, poderán gozar dun produto integramente xenuino, na forma e no espírito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente da Xunta de Galicia

A Consellaría do Medio Rural pretende valorizar o ámbito rural como patrimonio galego mediante a defensa da comercialización de produtos agroalimentarios de calidade e, neste sentido, coincide na aposta por promover a utilización da nosa lingua na etiquetaxe dos viños coas adegas representadas nesta publicación.

Medio Rural desenvolve accións de fomento das denominacións de orixe no sector vinícola co fin de protexer e de tipificar aqueles produtos que presenten características singularizadas que avalen a súa distinción xeográfica e a súa calidade. A localización e controis rigorosos que garanten a autenticidade, xunto coa tradición, constitúen elementos básicos que determinan o renome e prestixio dos produtos galegos que gozan destas distincións de calidade.

O merecido recoñecemento internacional dos produtos galegos gaña cotas de mercado co aumento da confianza dos consumidores, froito da perfección das técnicas de elaboración mediante a innovación tecnolóxica especializada que se conxuga coa dedicación artesanal madurada durante séculos de traballo. Isto serve tamén para levar a nosa lingua alá onde se adquiren os nosos produtos.

Son moitos os consumidores que procuran unha marca de calidade de produtos galegos que leve aparellada a denominada trazabilidade. Este sistema permite a recuperación da historia do produto, dende o inicio ata que chega ás mans do consumidor, mediante a utilización de códigos rexistrados co obxectivo de poder dispor de información precisa durante todo o proceso da cadea alimentaria. Promóvese así a diferenciación e o certificado de calidade dos viños galegos, polo que cómpre que estes produtos vaian etiquetados na lingua propia do lugar de

orixe. Contribúese, deste xeito, a fomentar a identificación da calidade dos nosos produtos co patrimonio cultural e lingüístico galego.

A actividade vinícola é un modelo a seguir porque permite aproveitar ao máximo o valor da produción a través da transformación industrial da uva e dos seus derivados no noso País. O peche do ciclo produtivo do viño contribúe a incrementar a riqueza económica de Galicia e a revalorizar a materia prima que medra na nosa terra. A garantía de calidade das materias primas está avalada polo labor cotiá de cualificados artesáns e profesionais, incardinado na necesidade política de pór en valor o medio rural coa dotación de recursos para a investigación, formación, asesoramento e transferencia tecnolóxica ao sector vitivinícola.

Dende a Consellaría do Medio Rural dámoslle alento a iniciativas en defensa do idioma, como as que desenvolve a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, dinamizadoras do proceso normalizador que, de seguro, han servir para fomentar o uso do galego en todos os ámbitos sociais e para dar a coñecer os nosos produtos na nosa lingua.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

A globalización dos mercados e a loita pola disponibilidad de novas infraestruturas de comunicación, así como a irrupción das novas tecnoloxías e os conseguíntes cambios tecnolóxicos balizan os novos retos da industria e do comercio. Son realidades que en economías como a nosa son vividas, en moitos casos, como ameaza. Bo exemplo desta situación podemos personalizala na penetración das grandes superficies comerciais, así como as diferentes modalidades de cooperación e de asociación das grandes marcas internacionais que mediatizan as diferentes estratexias de produción e de comercialización autóctonas sobre todo no noso tecido económico e social, caracterizado por pequenas e medianas empresas na súa maior parte.

Pero estamos no mundo e sabemos que eses retos tamén achegan luces, novas oportunidades de ocio, de negocio, outras posibilidades de distribución dos produtos, novos hábitos de consumo... e un maior número de consumidores que repercute no incremento xeralizado da actividade económica, que ten que ser produtiva e competitiva, sabendo sempre que os cambios son previsibles, pero os impactos económicos e sociais son máis difíciles de valorar; por iso hai que telos en conta e facerse presentes, para que o proceso de internacionalización da economía e da globalización dos mercados, non impida a existencia dunha estrutura comercial propia en cada sector. De aí a importancia de promover accións de todo tipo e a promoción de sistemas asociativos e de cooperación, así como a procura da axuda e o soporte do Goberno de Galicia e das distintas Administracións que teñen que poñer en práctica medidas de fomento destinadas a potenciar unha estrutura produtiva propia e representativa de Galicia, tanto no ámbito sectorial como no territorial.

Este é o reto, adaptarse ás necesidades da demanda e estar capacitados para facerlle fronte á competencia actual. Estamos convencidos de que a competitividade dun país é froito de combinar a consecución dun certo recoñecemento histórico, xunto coa capacidade por ofrecer un produto de calidade, sabendo potenciar unha imaxe cada vez máis apetecible.

Nesta preocupación que agora nos ocupa, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, continúa explorando e promovendo accións e mediacións que se traduzan na incorporación activa de novos sectores produtivos con proxección e con intención decidida por gañar novos mercados desde a calidade e con compromiso na defensa identitaria de Galicia.

De entre eles, logo de analizar a estrutura da oferta, a súa distribución e especialmente as tendencias da súa evolución, pareceunos dunha importancia estratéxica no sector agrícola e comercial, o sector produtivo do viño, ao valorar o proceso de cambio no que se atopa inmerso e en previsión das transformacións que aínda se van producir como consecuencia dos novos escenarios no que desenvolve a súa actividade. Aínda máis, cando constitúe un produto de inmensas posibilidades, que é expresión da personalidade irreplicable da terra de Galicia e unha boa ferramenta para conquistar mercados de calidade e alto valor engadido. O viño, resultado dun solo e dun clima que nos personalizan como territorio, resulta ser unha desas maravillosas creacións que emanan do entendemento entre o home e a terra.

Comprender a situación de cambio que hoxe conleva un mundo teoricamente globalizado, non debe ser obstáculo para apreciar de maneira máis forte a necesidade

de valorar as referencias do máis próximo, do que crea un sentimento de pertenza a unha comunidade, elaborando produtos que nos fagan sentir protagonistas. Eis a potencialidade galeguizadora do sector vitícola.

Como Asociación de Funcionarios, neste labor pedagóxico e colaborador que pretendemos para o noso traballo a prol da extensión e normalización do uso do galego en tódolos ámbitos da vida de Galicia, fixémonos nesta perspectiva revitalizadora para a causa da galeguización dos nosos sectores produtivos, asumindo e desenvolvendo para o galego novos usos e funcións, como é ser lingua de comunicación e de relación no ámbito das empresas especialmente enraizadas na sociedade, pero tamén como exemplo para as novas xeracións, ao ser plenamente conscientes da importancia que hoxe en día ten a existencia dunha cultura cada vez máis estendida que asocia calidade do produto e respecto pola identidade.

Trátase pois dun sector económico que xunta algúns dos indicadores que nos van permitir unha presenza valorada no mercado español, europeo e internacional, caracterizado por unha gran transformación e no que a innovación debe ser un valor a incorporar de maneira permanente en todos os procesos relacionados con este mundo. Polo mesmo, hai que seguir insistindo na introdución de técnicas de cultivo e novas prácticas de vendima, que fagan dos viños de Galicia un sector altamente competitivo no seu mercado, para o que resulta imprescindible a búsqueda de recursos e a complicitade de todo tipo de axentes sociais e económicos que nos axuden a facer valer a calidade dos nosos produtos. Tamén nesta dirección, cremos que podemos achegar a nosa experiencia de mediación e de transversalidade nas actuacións.

Porque hoxe é o viño, pero adiantando a nosa orientación do traballo xa iniciado, aproveitamos a ocasión da presentación deste libro plural que acolle sensibilidades e pareceres diversos, para reafirmar o noso compromiso, na liña de actuación emprendida por esta Asociación, de estender o impulso galeguizador a todos aqueles produtos galegos de calidade que teñan a lóxica ambición por abrirse camiño no complexo mercado alimentario e que manifesten en paralelo un compromiso pola dignificación da cultura de Galicia. Sumando vontades, sen exclusións, e cun talante aberto, atoparémonos nesa andaina.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia pretende entón con esta publicación visualizar o traballo que, en colaboración con profesionais e técnicos de distintas áreas, así como con institucións e entidades privadas, vén desenvolvendo no mundo da viticultura desde hai xa uns anos. Cecaís non sexa o lugar para facer inventario das actuacións que, de maneira directa, ou como inductores deste noso labor, permítenos presentarlle á sociedade galega, a todos os sectores que concorren na realidade do viño: viticultores e, no seu caso as súas Asociacións e Cooperativas; distribuidores e comerciais; empresas agrícolas relacionadas; así como aos responsables políticos e técnicos das diferentes Administracións Públicas, empresas de comunicación e publicidade; medios informativos; sindicatos e organizacións agrarias, investigadores, por citar algúns dos efectivos que queremos emprazar desde este intre para escenificar este punto de encontro no longo camiño por contar cunha vizosa realidade para o galego.

Así e todo, o noso teimudo esforzo debe ser recollido para xeral coñecemento dos nosos interlocutores e daqueles outros que sosegada pero ilusionadamente queiran sumar a súa experiencia ao ilusionante proceso de afirmación cultural

e ao carácter diferencial de Galicia. Desde os inseguros anos oitenta, un conxunto de profesionais -daquela maiormente ubicados na administración local e encadrados en diferentes opcións partidarias que cubrían o fraccionado espectro político, incluso desde a independencia partidaria, pero en todos os casos sempre belixerantes coa causa do respecto e a promoción da lingua de Galicia- optamos por ordenar a nosa militancia arredor dunha asociación que fixera desta causa, e do desenvolvemento sociopolítico, o noso común acordo.

Naceu a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia como un referente na implicación e na formación dun número importante de funcionarios que cun gran dinamismo colaboraron cos equipos de goberno dun número significativo de concellos de Galicia na galeguización progresiva da administración local. Cecais sexa un fito importante, a elaboración do *Manifesto de alcaldes de 1984*, unha assemblea que sentou a máis de dous centos de autoridades locais e que representou o punto de non retorno na constitución de gabinetes de normalización lingüística nos concellos, a galeguización da vida administrativa e a realización de campañas e actividades de formación para o estenso corpo de servidores públicos adscritos a este nivel da administración.

Na mesma liña, son múltiples as actividades de colaboración, asesoramento e elaboración de proposicións ao Parlamento de Galicia a través dos portavoces parlamentarios nos distintos períodos de goberno, nos ámbitos referidos á defensa, promoción e uso da lingua galega, salientando a nosa reclamación e consecución da edición en lingua galega do Diario Oficial de Galicia, do Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e unha edición resumida, de periodicidade mensual, do Boletín Oficial do Estado nas tres linguas cooficiais do Estado. Tamén nos parece de especial transcendencia, a nosa colaboración na dinamización do debate parlamentario, nas sucesivas lexislaturas,

fornecendo o debate parlamentario a través de preguntas, proposicións non de lei e de lei -contabilizándose máis de cen iniciativas parlamentarias reflectidas nos boletíns do Parlamento de Galicia e outros documentos oficiais- que, previamente remitidas a todos os grupos parlamentarios, xeraron unha innovadora dinámica de achega de propostas e de contraste de pareceres, entre unha entidade cívica como é a nosa e a máxima institución de representación popular.

Esta liña de traballo de colaboración, asesoramento, e en moitos casos de aguilloamento dos poderes públicos, tivo en todo este tempo unha concreción que para nós é especialmente grata ao pasar do tempo. Iniciouse coa participación na elaboración da Lei de Normalización Lingüística de Galicia e da Lei de Uso do Galego nas Corporacións locais, creación de publicacións de contido administrativo, e doutras propostas asumidas e desenvolvidas por distintos equipos de goberno municipais, como son as *Ordenanzas reguladoras do uso do galego* e, desde o inicio, unha representación ampla desta Asociación de Funcionarios participou nas distintas comisións sectoriais do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia o 22 de setembro de 2004.

Tamén, moi ligado ás nosas preocupacións, defendimos que unha xustiza democrática no noso país esixía unha progresiva incorporación da lingua galega ao quefacer cotiá dos tribunais. Á vista dos resultados, sentímonos especialmente satisfeitos coa extensión e intensificación do uso da nosa lingua neste ámbito. Publicacións como *Palabras de Lei. Galeguizar Galicia*, documentación administrativa de xulgados e tribunais, campañas de difusión dos dereitos lingüísticos da cidadanía, xornadas e seminarios dirixidas a profesionais do dereito, encontros co estamento da avogacía, o notariado, maxistrados, fiscais,

procuradores e secretarios xudiciais, colaboración na creación dos gabinetes de tradución nas catro audiencias provinciais e no propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dan a medida do noso esforzo. Son moitas as bibliotecas do país que contan nos seus fondos cunha innovadora iniciativa literaria como resultado do encontro entre escritores profesionais e xuíces, fiscais e avogados que recrean, cada un desde a súa peculiar visión, o mundo da xustiza.

Deixamos tamén constancia neste ámbito do noso traballo, da edición en lingua galega dos códigos penal e civil así como outros textos legais, como resultado dun acordo de colaboración co Centro de Investigacións Ramón Piñeiro, así como do primeiro *Formulario Notarial*, literatura xurídica que favoreceu o incremento dos usos do galego entre o funcionariado e os profesionais dos diferentes ámbitos do dereito.

O debate interno no noso colectivo tivo puntos de encontro maioritariamente asumidos respecto da necesidade de ampliar e conectar con colectivos, institucións e axentes socioculturais non connotados socialmente no apoio á causa do galego, pero que historicamente contou no seu seo con individualidades que mantiveron e favoreceron a galeguización dos seus recursos humanos nos procedementos administrativos e xudiciais. É o caso dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, coas que en diferente grao pero con igual dedicación temos andado un xa dilatado camiño na tarefa común da defensa e uso da lingua galega dentro e fóra da actividade profesional. Moitas son as publicacións que dan fe desta colaboración, pero probablemente teñan unha maior trascendencia cidadana as realizadas cos sindicatos profesionais, a difusión dos dereitos dos cidadáns, os protocolos elaborados coa Policía Científica e o libro *Palabra por palabra. Contos da Policía*,

unha creativa conxunción literaria entre funcionarios policiais e escritores galegos xa recoñecidos.

A búsqueda de interlocutores no mundo empresarial galego xerou unha dinámica que, con avances e retrocesos, representou unha dinámica relevante á hora de definir novas estratexias galeguizadoras en sectores da sociedade galega nun principio máis distantes dos nosos obxectivos. Froito desa experiencia, promovimos a creación da *Fundación Galicia-Empresa* e ao longo deste ano, produto dun fructífero entendemento coa Fundación Caixa Galicia, participamos a través da Fundación Premios da Crítica Galicia, na creación do *Foro Peinador*, sen dúbida un elo de conexión entre o meritorio labor empresarial galeguista do noso pasado recente e un grupo importante de homes e mulleres do mundo dos negocios da Galicia de hoxe, con perspectivas reais de incorporar empresarios galegos que desenvolven as súas actividades por todo o mundo.

Sen esquecer o encontro permanente, en ámbitos diversos, que dan corpo á relación coas tres centrais sindicais galegas, CIG, UXT e CCOO, a través das súas direccións nacionais e coas diferentes seccións sectoriais, colaborando na galeguización da actividade administrativa e na realización de campañas informativas para os seus afiliados difundindo os dereitos lingüísticos, animando ás súas asesorías xurídicas na utilización do galego e na creación de servizos de normalización lingüística. Tal é o caso da proposta que fixemos ao Consello Galego de Relacións Laborais para que aprobasen a redacción dun artigo específico referido aos dereitos lingüísticos dos traballadores para inserir nos convenios colectivos.

E agora centra a nosa atención, como resultado dunha dedicación preferente

hai xa un tempo, a posta en marcha de medidas de apoio e de promoción dun conxunto de produtos que representan o mellor do sector agrario galego: produtos con garantía, identificados cunha alimentación de confianza e que van asociados a servizos eficientes para os consumidores. Estamos a falar dunha lista importante de produtos que teñen gañado o favor dun sector significativo de consumidores do país e doutros mercados nacionais e internacionais e que, con demasiada frecuencia, renuncian ou minusvaloran a importancia da identificación das súas producións, xa que, a cada pouco, publicítase, véndese e factúrase en castelán o que se produciu ou elaborou en galego.

De entre eles, pola receptividade manifesta e como satisfacción a unha débeda histórica, iniciamos unha campaña con adegueiros e colleiteiros na denominación de orixe do Ribeiro. No ano 2001, concretouse esta colaboración coa creación dunha Asociación que tomou o nome dun galeguista dinámico e comprometido coa causa da dignificación da lingua de Galicia e, máis en concreto, coa promoción dos viños da Terra: Alvaro das Casas, de quen inmediatamente, e como primeira iniciativa realizouse unha edición facsímile de varios dos seus traballos, *O Manifesto da U.C.R.A.* por poñer un exemplo. A partir de aquí, produciuse unha sucesión de actos e de iniciativas nas que se integraron profesionais e técnicos preocupados pola temática, e nas que se implicou a Universidade de Vigo, dando cobertura a actividades formativas de persoas implicadas no proceso de produción do viño, entidades e institucións culturais, así como propostas de promoción dos viños da zona, asociadas en todos os casos a afirmación do galego como lingua de uso e de difusión do produto.

Pasado o tempo, ao concitar o interese de organismos técnicos da Xunta

de Galicia e doutros produtores das diferentes Denominacións de Orixe de Galicia, decidimos a extensión desta iniciativa, traducíndose nun plan de traballo para os vindeiros anos que, con base no sector do viño, e coa incorporación progresiva doutros produtos galegos de calidade, sirvan de referencia a procesos de galeguización das distintas áreas económicas: a industria, o comercio, o cooperativismo, a banca ou as relacións laborais. Como é doado deducir das reflexións e das liñas de traballo expostas, só unha acción decidida e coordinada das institucións, das asociacións e das entidades, vai permitir unha estratexia globalizada de actuacións sectoriais que, cunha cadencia planificada, fagan visible no conxunto da sociedade galega, as prioridades, os recursos existentes, a concorrencia de vontades e a coordinación e execución de propostas de todo tipo.

Entendemos e apoiamos o liderado do Goberno de Galicia -a través dunha actuación transversal e integradora-, como institución con competencias e medios para a mellor eficacia das distintas actuacións, que debe actuar en todo momento como garante e dinamizador das propostas, pero continuaremos a traballar lealmente no labor de promoción entre os concellos, as asociacións, a empresa, os sindicatos e organizacións profesionais, os medios de comunicación e as universidades, entre outros axentes, para amplificar a causa da defensa da identidade nacional de Galicia e a normalización dun dos seus signos máis recoñecidos, a lingua galega.

Xosé González Martínez

Xosé M. Rodríguez-Abella

Xoaquín Monteagudo Romero

O esforzo dos viticultores galegos por modernizar as súas instalacións e o coidado do viñado, así como a recuperación das nosas variedades autóctonas, fai que Galicia, cunha extensión de 29.575 kilómetros cadrados, conte a día de hoxe con cinco denominacións de orixe, cada unha coas súas características, resultado da combinación do solo, do clima e das variedades utilizadas: Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Ribeira Sacra e Monterrei.

Para profesionalizar a xestión no mundo do viño aprobáronse as Denominacións de Orixe, co obxectivo de competir con acerto nos mercados, dispoñendo cada unha delas do correspondente Consello Regulador, órgano que rexe os seus destinos, que controla todas as fases do proceso produtivo nos viños acollidos á Denominación, e que é o encargado de garantir a orixe do produto, asegurar a calidade do mesmo, o control dos mercados e de promocionar os viños producidos ao abeiro de cada D.O.



**VIÑOS DE GALICIA CON
DENOMINACIÓN DE ORIXE**



D. O. Monterrei



D.O. MONTERREI

Consello Regulador da Denominación de Orixe
Avda. Luis Espada, 89
32600 Verín (Ourense)
Tf: 988 59 00 07
Fax: 988 41 06 34
cdromon@terra.es
www.cdromonterrei.com

Normativa:

Orde de 3 de decembro de 1992 da Consellería de Agricultura, pola que se recoñece con carácter provisional a D. O. Val de Monterrei, para os viños producidos nesta comarca vitícola (DOG 22/12/92).

Orde de 2 de xuño de 1993 da Consellería de Agricultura, pola que se modifica a do 3 de decembro de 1992, pola que se recoñece con carácter provisional esta D.O. para estes viños (DOG 21/06/93).

Orde de 25 de novembro de 1994 da Consellería de Agricultura, pola que se aproba o Regulamento da D. O. Monterrei e do seu Consello Regulador (DOG 4/01/95). Corrección de erros (DOG 5/01/95 e 6/02/95).

Orde de 22 de novembro de 1995 da Consellería de Agricultura, pola que se modifica o Regulamento particular da D.O. Monterrei e do seu Consello Regulador (DOG 4/12/95).


Orde do 19 de xaneiro de 1996 do MAPA, pola que se ratifica o Regulamento da D.O. Monterrei e do seu Consello Regulador (BOE 03/02/96).

Localizada na zona suroriental da provincia de Ourense, cunha superficie aproximada de seiscentas hectáreas, os viñedos que a conforman esténdense na zona regada polo río Támega e o Búbal, diferenciándose dúas subzonas:

Subzona Val de Monterrei, que abrangue as parroquias de Castrelo do Val, Pepín e Nocado, do concello de Castrelo do Val; Albarelos, Infesta, Monterrei e Vilaza, do concello de Monterrei; Oímbra, O Rosal, Rabal e San Cibrao, concello de Oímbra; e as parroquias de Cabreiroá, Feces de Abaixo, Feces da Cima, Abades, Mourazos, Queizás, Mandín, Pazos, Tamaguelos, A Rasela, Tamagos, Tintores, Vilamaior de Val, Verín e Vilela, pertencentes ao concello de Verín.

Subzona Ladeira de Monterrei, que acolle as parroquias de Condulfes e Servoi, do concello de Castrelo de Val; as de A Granxa e e As Chas, pertencentes ao concello de Oímbra; Flariz, Medeiros, Mixós, Vences e Estevesiños, do concello de Monterrei; e Queirugás, do concello de Verín.

As variedades de vide preferentes para a elaboración dos viños brancos son Dona Branca, Verdello e Treixadura, e a complementaria, Palomino. No caso dos tintos, as variedades preferentes son Mencía e Bastardo e as complementarias, Grao Negro, Garnacha e Tintoreira.





Co discorrer dos anos que nos achegan experiencia e madurez, dúas preocupacións priorizan os novos retos inmediatos: a preocupación polo medio ambiente e a investigación en todas as áreas que rodean o proceso de elaboración do viño. Liñas de traballo que entendo afíns a toda a actividade produtiva dun País moderno e competitivo como o que moitos e moitas pretendemos. Desde as miñas posibilidades e cos medios ao meu alcance, procurarei poñer en valor o que dignifique a Galicia. Sei que a lingua é un dos valores que a historia e os nosos devanceiros procuraron e por min non quedará estar á altura dos tempos que nos tocou vivir, co desexo de que a nosa lingua perdure para sempre.

Manuel López Chaca

Manuel López Chaca

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Monterrei

ADEGA

Manuel López Chaca

MARCAS COMERCIAIS

Laxón (godello, treixadura)
Laxón (100% godello, fermentado en barrica)

ENDEREZO

Rúa do Progreso, 5
Albarellos de Monterrei
Monterrei (Ourense)

TELÉFONO

609 915 291 - 988 425 728

CORREO ELECTRÓNICO

adegadochaca@vodafone.com





D. O. Rías Baixas

D.O. RÍAS BAIXAS

Consello Regulador da Denominación de Orixe
Centro de Apoio de Cabanas
36143 Salcedo (Pontevedra)
Tf: 986 85 48 50
Fax: 986 86 45 46
consejo@doriasbaixas.com
www.doriasbaixas.com



Normativa (resume de disposicións administrativas):

(BOE 11/10/80) Ministerio de Agricultura, polo que se recoñece a Denominación Específica Albariño.

(BOE 30/04/84) Ministerio de Agricultura, no que se aproba o Regulamento da Denominación Específica Albariño e do seu Consello Regulador.

(DOG 17/03/88) Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia, no que se recoñece a Denominación de Orixe Rías Baixas; e Orde da mesma Consellería (4/07/88), na que se aproba o regulamento da D.O. Rías Baixas e do seu Consello Regulador.

(Orde 23/10/96) Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia, na que se aproba o novo Regulamento da D.O. Rías Baixas e do seu Consello Regulador.

(DOG 28/07/97) Consellería de Agricultura, onde se publica a Orde do 9/07/97, pola que se modifica o Regulamento da D.O. e do seu Consello Regulador.

(DOG 24/08.99) Consellería de Agricultura, no que se publica a Orde do 4/08/99, pola que se modifica o Regulamento da D.O. e do seu Consello Regulador.

(DOG nº 101 de 25/05/00), da Consellería de Agricultura, no que se publica a Orde de 24/05/00 pola que se modifica o Regulamento da D.O. Rías Baixas e do seu Consello Regulador.

A partir da aprobación do seu Consello Regulador en 1988 produciuse unha continuada expansión, contando cunha superficie de explotación de arredor de dúas mil hectáreas distribuídas polas provincias de Pontevedra e o sur da provincia de A Coruña. Organízase en cinco subzonas:

Subzona Val do Salnés: ao longo dos concellos de Cambados, Meaño, Sanxenxo, Meis, Ribadumia, Vilanova, Vilagarcía, Portas, Barro, Caldas de Reis, o Grove e a Illa de Arousa.

Subzona Condado de Tea: Arbo, As Neves, Crecente, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, e parroquias de A Cañiza, Tui e Mos.

Subzona O Rosal: comprende os concellos de O Rosal, Tomiño, A Guarda e parroquias de Tui e Gondomar.

Subzona Soutomaior: Soutomaior.

Subzona Ribeira do Ulla: distribúese entre o concello de Vedra e parroquias dos concellos de Padrón, Teo, Boqueixón, Touro, A Estrada, San Xurxo de Veá, Silleda e Vila de Cruces.

As variedades preferentes utilizadas na elaboración dos caldos brancos desta D. O. son Albariño, Treixadura, Loureira branca ou Marqués, e Caíño branco; e as complementarias, Torrontés e Godello. Para os tintos, as variedades preferentes son Caíño tinto, Sousón, Espadeiro e Loureira tinta, e como complementarias, Mencía e Brancellao.



ADEGA



Carmen Vieira Martínez

Abofé que non temos ningún segredo, só o compromiso da calidade, de facer as cousas o mellor posible, con humildade, como resultado do traballo, o mantemento da regularidade nos viños e unha fidelidade á personalidade dos caldos que se producen na zona, así como un desexo de evolucionar controladamente en todos os niveis do proceso produtivo, mantendo a tipicidade do produto. Porque a diferenciación e a orixinalidade do noso viño está na terra, na lingua que falan as uvas e as xentes que a traballan.

Carmen Vieira Martínez

DENOMINACIÓN DE ORIGE

Rías Baixas

ADEGA

Carmen Vieira Martínez

MARCAS COMERCIAIS

Lar do Vieira (rosal)

ENDEREZO

Rúa da Cal, 25-San Xoán de Tabagón
O Rosal (Pontevedra)

TELÉFONO

986 610 959

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Durán

“Vento Mareiro” é un estilo de vida. Se con normalidade, coma galegos, queremos estar no mundo, o natural é etiquetar en galego por respecto á orixe, para mostrar a nosa personalidade diferencial nun mercado aberto e expresarmos o orgullo de ser galegos. O albariño “Vento Mareiro” como parte da nosa cultura e mostra do noso mellor facer.

O vento mareiro é o aire que vén do mar, que determina o clima da comarca do Salnés e que fai agromar as cepas do albariño.

Ramón Cabanillas, o noso gran poeta, incorporou ao noso idioma a expresión “Vento Mareiro”, chegando mesmo a titular un dos seus libros máis emblemáticos.

E Pepito Durán, fundador desta adega, cando se cruzaba co poeta Cabanillas en Cambados saudábanse, moitos días coa expresión “que vento mareiro vai”.

*Xosé Durán Oubiña
Xosé Ramón Durán Martínez*

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Rías Baixas

ADEGA

Adega Durán, S.L.

MARCAS COMERCIAIS

Vento Mareiro (albariño)

ENDEREZO

Rúa Pardo Bazán, 1
36630 - Cambados (Pontevedra)

TELÉFONO

986 542 354 - Fax 986 716 312

CORREO ELECTRÓNICO

adegaduran@ventomareiro.com
www.ventomareiro.com



ADEGAS



Galegas

Como non lembrar a emoción que sentimos ao accedermos ao refectorio do Pazo de Xelmírez, espazo referencial para o noso gremio, auténtica catedral dos sentidos. Máis aínda, cando nos capiteis, como expresión da riqueza iconográfica vemos representado nos ágapes, xunto ao acto de xantar, a músicos e xogares amenizando o acto entre o servizo de cada prato, ou rematando o festexo coa correspondente sesión musical de coplas sobre o viño e o amor.

Á vista disto, pregunto eu, ¿como non imos ser fieis á nosa Terra e sentírmonos orgullosos da nosa historia e da nosa lingua?. ¿Como non reafirmar o noso compromiso coa lingua que xa se expresaba vizosa daquela?.

Solicito, en resposta ao convite da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, a incorporación do galego en todas as nosas actividades comerciais e na vida administrativa das nosas empresas, e ser conscientes da incidencia cultural que para Galicia ten que as iniciativas empresariais de todos os sectores produtivos opten pola calidade e a autenticidade como estratexia para o seu éxito. De Galicia para o mundo.

*Xosé Rodríguez
Conselleiro delegado*

DENOMINACIÓN DE ORIXE

Rías Baixas

ADEGA

Adegas Galegas

MARCAS COMERCIAIS

D. Pedro de Soutomaior (100% albariño)
Veigadares (85% alb. 10% treix. 5% lour.)
Gran Veigadares (100% albariño)
D. Pedro Tempo (100% albariño)
D. Pedro (100% albariño, neve carbónica)
O Deus Dioniso (100% albariño)

ENDEREZO

Lugar de Meder, s/n
36457 - Salvaterra de Miño (Pontevedra)

TELÉFONO

986 657 400

CORREO ELECTRÓNICO

galiciano@galiciano.com



ADEGA



Martín Códax



A nosa vinculación coa lingua galega amósase desde a fundación da Adega, ao escoller como nome o do poeta e trovador galego do século XIII. Tanto é así, que os nomes dos nosos viños representan localizacións da nosa terra (Callaccia, Burgáns), así como un instrumento do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago.

Esta vinculación con Galicia continua cun compromiso coa nosa cultura, promocionando actividades que impulsan a poesía (Premio Martín Códax), a música (Grupo de música antiga Martín Códax), a pintura, así como o deporte (Regata Rías Baixas, Circuitos de golf, etc...).

O esforzo de Martín Códax para acadar a máxima calidade nos seus caldos é froito dun intenso traballo de investigación, colaborando coas máis prestixiosas universidades españolas. Na nosa expansión por máis de 30 países, Martín Códax intenta achegar sempre ao consumidor un excelente albariño con alma galega.

José Martínez Chantada
Presidente

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Rías Baixas

ADEGA

Martín Códax

MARCAS COMERCIAIS

Martín Códax (100% albariño)
Burgáns (100% albariño, corte moderno)
Organistrum (100% albariño, barrica)
Gallaecia (100% albariño, vendima tardía)

ENDEREZO

Burgáns, 91-Vilariño
36633 - Cambados (Pontevedra)

TELÉFONO

986 526 040

CORREO ELECTRÓNICO

comercial@martincodax.com





Pazo Villarei

A produtividade está na calidade e na formación do recurso humano. Na medida das nosas posibilidades procuramos facer desta máxima unha liña de conduta que repercuta favorablemente na empresa. O proceso de modernización do sector vinícola de Galicia ten que apostar forte por ser recoñecido e valorado en tódolos mercados e, entre tódolos produtores, podemos conseguir que a cota de mercado dos nosos viños vaia ampliándose. Esta iniciativa, que ben se recolle neste libro plural, é unha ocasión máis para a consecución deste obxectivo e coa utilización do galego como lingua de uso cotiá nas nosas relacións comerciais e relacionais, facemos xustiza á longa historia do noso País.

Guillermo Alvarado
Enólogo

DENOMINACIÓN DE ORIGE

Rías Baixas

ADEGA

Pazo Villarei

MARCAS COMERCIAIS

Terradouro (100% albariño)
Pazo Villarei (albariño)

ENDEREZO

Vía rápida do Salnés km. 5
Lugar de Arousa
Meis (Pontevedra)

TELÉFONO

986 710 827

CORREO ELECTRÓNICO

galvarad@domecqbodegas.com



ADEGA



Quinta do Couselo



Hai anos que vimos facendo viño, melloramos a técnica, facilitamos as tarefas, pero o cerne sempre será a natureza que coidamos e que agasalla as uvas que fan realidade o noso viño. Algo que sae da terra debe ser presentado na lingua que se fala desde que nace ata rematar dun xeito natural o proceso de elaboración do viño; por iso, a Adega Quinta Couselo usa a nosa lingua, o galego, para presentar os nosos produtos, porque gustamos do natural.

*Toia Suárez Vicente
co-propietaria*

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Rías Baixas

ADEGA

Quinta do Couselo, S.L.

MARCAS COMERCIAIS

Quinta do Couselo (rosal)
Tvronia (albariño)
Barbuntín (rosal)

ENDEREZO

Couselo, 2
O Rosal (Pontevedra)

TELÉFONO

986 625 051

CORREO ELECTRÓNICO

quintacouselo@quintacouselo.com



ADEGA



Terras Gauda



Hoxe en día a cultura é máis accesible ca nunca: disfrutamos de música de alta calidade en espazos próximos cada vez máis axeitados; véndense máis libros e facemos esforzos por animar á lectura; a tecnoloxía, nas súas múltiples aplicacións, está ao noso dispoñible para facilitar os procesos de produción e consumo; as industrias do lecer e o turismo ábreannos moitas posibilidades para o coñecemento e o intercambio entre as persoas.

Oficio tan antigo coma o noso tamén achega un valor engadido no diverso e complexo mundo dos hábitos culturais, e a lingua que o explica e expresa, debe ser tamén obxecto de dedicación e cultivo, contando con medidas de apoio desde institucións e medios de comunicación que proxecten a imaxe de lingua asociada ao progreso social e económico. Este libro e as accións asociadas a el, poden ser unha boa mostra das solucións para acadar unha presenza do galego nos procesos de produción e venda.

Estendemos, pois, esta mensaxe entre os asociados das diferentes denominacións de orixe que enriquecen a diversidade da nosa cultura vinícola para facer máis visible, con vocación universal, a nosa singularidade, sabedores de que a lingua é un factor positivo de identificación tanto das empresas galegas como das empresas foráneas que distribúen os seus produtos e servizos en Galicia.

*José María Fonseca Moretón
Presidente*

DENOMINACIÓN DE ORIXE

Rías Baixas

ADEGA

Bodegas Terras Gauda, S.A.

MARCAS COMERCIAIS

Terras Gauda (rosal)
Terras Gauda etiqueta negra (rosal fermentado
en barrica nova de roble francés e americano)
Abadía de San Campio (albariño)

ENDEREZO


Estrada Tui - A Guarda, Km 55 - As Eiras
36760- O Rosal (Pontevedra)

TELÉFONO


986 621 001 - 986 621 111

CORREO ELECTRÓNICO

terrasgauda@terrasgauda.com
www.bodegasterrasgauda.com



ADEGA



Viñas do Torroxal



Desde un principio sempre tivemos claro que as nosas accións, na medida do posible, estarían encamiñadas a prol do uso social e cultural da lingua galega. Consideramos que a súa promoción e fomento é traballo de todos. Coma galegos, debemos sempre potenciar actividades e propostas que aumenten o seu emprego en tódolos ámbitos.

Sentímonos orgullosos da nosa terra e das súas xentes, dos nosos viñedos e dos nosos apreciados viños e queremos facer copartícipes aos demais deste sentimento mediante a única forma que sabemos: en galego.

Iñaki Vázquez Palacios
Xerente

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Rías Baixas

ADEGA

Viñas do Torroxal, S.L.

MARCAS COMERCIAIS

Torroxal (albariño, loureiro, caiño)
Torroxal (sousón, brancellao, caiño)

ENDEREZO

Avda. Ordoñez, 10 - Goián
36750 - Tomiño (Pontevedra)

TELÉFONO

986 621 340

CORREO ELECTRÓNICO

torroxal@torroxal.com



ADEGA



Albariño, Caíño, Loureiro, Colleita, Fuste, Lagar, Orballo... son verbas que me acompañan desde os primeiros anos da miña existencia, verbas que teñen que ver cos meus pais que saben da complicidade das amizades, que acompañan as miñas ilusións, que me achegan a miña terra, verbas dunha beleza profunda. Son verbas que resumen unha vida e caracterizan a todo un pobo.

Estoulles agradecido e nada mellor, en xusta correspondencia, que utilizalas, facendo da lingua unha das miñas paixóns e fidelidades.

Xosé Miguel Troncoso
co-propietario

Viñedos Troncoso

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Rías Baixas

ADEGA

Viñedos Troncoso, S.A.T.

MARCAS COMERCIAIS

Maitines (rosal)

ENDEREZO

Rúa de Tollo, 74 - Goián
Tomiño (Pontevedra)

TELÉFONO

986 620 045

CORREO ELECTRÓNICO



2003
COLLEITA LIMITADA
de 25000 botellas

MAITINES

*Como un avejo pechado dentro dunha lousa
mullada, esperta á vida e afortunado blabe,
de vida. A quen se lle revela en forma
dunha bele cor palliza como sabores afrotados
e delicadas recordos florais.*

ROSAL
RÍAS BAIXAS
DENOMINACIÓN DE ORIXE

Embotellado para:
VIÑEDOS TRONCOSO S.A.T.
Rúa de Tollo, 74 - Goián - Tomiño - Pontevedra
por R.E. Nº 7015/90 - O Rosal
Produto de España

75 d.e • 12% Vol.

2003
COLLEITA LIMITADA
de 25000 botellas

MAITINES

*Como un avejo pechado dentro dunha lousa
mullada, esperta á vida e afortunado blabe,
de vida. A quen se lle revela en forma
dunha bele cor palliza como sabores afrotados
e delicadas recordos florais.*

ROSAL
RÍAS BAIXAS
DENOMINACIÓN DE ORIXE

Embotellado para:
VIÑEDOS TRONCOSO S.A.T.
Rúa de Tollo, 74 - Goián - Tomiño - Pontevedra
por R.E. Nº 7015/90 - O Rosal
Produto de España

75 d.e • 12% Vol.



D. O. Ribeira Sacra



D.O. RIBEIRA SACRA

Consello Regulador da Denominación de Orixe
Rúa Pescaderías, 1
27400 Monforte (Lugo)
Tf: 982 41 09 68
Fax: 982 41 12 65
mailto:info@ribeirosacra.org
www.ribeirosacra.org

Normativa:

Orde do 3 de setembro de 1996 pola que se aproba o Regulamento da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador (DOG 11/09/1996).

Orde do 29 de agosto de 2002 pola que se modifica o Regulamento da D.O. Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador (DOG11/09/2002).

Está situada no sur da provincia de Lugo e ao norte da de Ourense, en plantacións próximas aos ríos Miño, Sil, Bibei e Cabe, cunha superficie aproximada de 1.500 hectáreas de viñado. A produción acollida a esta D.O. creada en 1996, divídese en cinco subzonas:

Subzona de Amandi: comprende parte dos concellos de Sober e de Monforte de Lemos.

Subzona de Chantada: parte dos concellos de Carballedo, Chantada, Taboada e A Peroxa.

Subzona de Quiroga-Bibeí: abrangue parte dos concellos de Quiroga, Ribas de Sil, A Pobra de Brollón, Monforte de Lemos, Manzaneda e Pobra de Trives.

Subzona de Ribeiras do Miño: con parte dos concellos de O Saviñao, Pantón e Sober.

Subzona de Ribeiras de Sil: acolle parte dos concellos de Parada de Sil, A Teixeira, Castro Caldelas e Nogueira de Ramuín.

As variedades preferentes utilizadas para a elaboración dos viños brancos son Godello, Albariño, Loureira, Treixadura, Dona Branca e Torrontés, admitindo como complementaria, a variedade Palomino. Para os tintos, as variedades preferentes son Mencía, Merenzao e Brancellao, e as complementarias son Mouratón e Garnacha Tintorera.



ADEGA



O amor polo viño e a terra ten que traducirse nunha elaboración coidada de cada unha das nosas producións. Viños con personalidade propia, serios, elegantes, que respondan a un labor profesional e innovador. Admiro este mundo desde pequeno, porque así o vivín na miña casa e no lugar de Carballocovo, no que fun desenvolvendo a miña vida, nas terras de Doade, xunto ao río Sil. En todos estes lugares, a lingua que nos acompañou foi a galega e gardarille sempre fidelidade.

Fernando González Riveiro

Algueira

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

ADEGA

MARCAS COMERCIAIS

ENDEREZO

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

Ribeira Sacra

Algueira, S.L.

Algueira (mencía, albarello, brancellao)
Algueira (mencía, albarello, brancellao, envellecido en barrica de carballo francés "allier")
Brandán (godello, treixadura, albariño)
Brandán (godello, treixadura, albariño, envellecido en barrica de carballo francés "allier")

Doade
Sober (Lugo)

982 410 299 - 629 208 917



ADEGA



Amelia Ledo Vence



Poucas satisfaccións me reportan maior felicidade que deambular entre as variedades que maxicamente se substancian no produto que leva o meu nome e estende a imaxe da miña familia.

Non podo deixar de imaxinar cantos aspectos da vida das persoas terán un traxecto máis levadeiro por mediación do viño que con traballo e ilusión producimos; por iso, un dos nosos obxectivos é potenciar o viño e a Ribeira Sacra, vinculando ao mundo cultural un produto que é o emblema das terras chantandesas. Un viño feito no corazón de Galicia con uvas autóctonas, debe levar o nome na nosa lingua, e todas as alegorías que del se fagan, por prestixio ou reclamo para a súa comercialización, deberán ser en galego.

Amelia Ledo Vence

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeira Sacra

ADEGA

Amelia Ledo Vence

MARCAS COMERCIAIS

Terras Bendaña (mencia 100%)
Armeriz (mencia, garnacha, tempranillo)

ENDEREZO

Avda. de Portugal, 89
27500-Chantada (Lugo)

TELÉFONO

982 440 989 - 679 267 816

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Angel e J. Ramón Álvarez Lorenzo

Cando o outro día un neno preguntoume porque as etiquetas do noso viño estaban en galego, díxenlle: “Para contestarte tes que sair da adega comigo”.

Leveino fóra e desde alí sinaleille a viña onde nacen as uvas coas que facemos o viño: ¿Velo? Aquela viña traballouna o meu pai e tamén o meu avó. Os seus soños, as súas dores, os seus medos e as ansias de medrar e prosperar, expresáronse en galego. Todo o campo lles falaba do Sil, das nosas terras, dos nosos antergos, e sempre foi en galego. Cando querían rir, rían en galego, cando querían chorar, choraban en galego, cando facían viño facíanlo en galego.

Por iso, cando estas botellas viaxen polos mares das estradas que as levarán lonxe, quero que vaia o mapa do tesouro da nosa terra nelas; que cando lean as súas etiquetas, algunhas das nosas palabras soen nas súas mesas e nos imaxinen coma nos imaxinamos nós a eles.

Por iso temos que saír da adega e miralo Sil e as nosas viñas e velaí os nosos soños, os nosos pensamentos, as nosas esperanzas e os nosos esforzos ¡sempre en galego!.

Eugenio Álvarez González

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeira Sacra

ADEGA

Angel e José Ramón Álvarez Lorenzo

MARCAS COMERCIAIS

Solaina (mencia)

ENDEREZO

Pedra do Sol
A Teixeira (Ourense)

TELÉFONO

988 207 428 - 629 864 037

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Cabo do Mundo

A uva coa que se elabora este viño, cultíbase nas ribeiras que o Miño ten ao seu paso pola subzona de Chantada; ribeiras en socalcos que se formaron grazas ao traballo, de sol a sol, que fixeron os nosos antergos.

Unha vez observada esta agricultura heroica, atrévome a dicir que, con cada pedra que colocaron en cada mura e con cada cepa que plantaron, sempre houbo unha palabra en galego.

Por iso, o viño que procede dunha cepa afeitada a escoitar en galego, fala galego.

Camilo Rodríguez Ferreiro

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeira Sacra

ADEGA

Adega Cabo do Mundo

MARCAS COMERCIAIS

Cabo do Mundo (mencía)

ENDEREZO


Soto-Nogueira,14
Chantada (Lugo)

TELÉFONO

618 709 980 - 982 441 259 - 982 441 473

CORREO ELECTRÓNICO

cabodomundo@ya.com



ADEGA



Cachín



Utilizo a lingua galega porque son galego; porque penso e falo en galego, porque coido que todo consumidor debe saber a orixe dun viño e non hai mellor maneira de sabelo que falando a súa lingua, a das súas xentes e a da terra que o víu nacer. Desta maneira refórzase a súa personalidade e faise máis senlleiro.

Cesar Enríquez Diéguez

DENOMINACIÓN DE ORIXE

Ribeira Sacra

ADEGA

Adega Cachín

MARCAS COMERCIAIS

Peza do Rei (godello)
Peza do Rei (mencía)
Peza do Rei (mencía, envellecido en
barrica de carballo francés allier)

ENDEREZO

Abeleda
A Teixeira (Ourense)

TELÉFONO

619 859 281

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Conde de Vidás

Para min, a tradición manda. E a modernidade alivia todo o complexo proceso de produción que hoxe temos que extremar se queremos ser competitivos, nun mercado tan esixente e cun consumidor progresivamente educado como o que queremos cativar.

Permitídemme unha licenza, porque sei que nun libro colectivo como este, arredor dun produto tan prezado, tamén é un valor a diversidade das expresións dos que participamos. Quero compartir convosco a recreación que para min ten, cando deambulo entre as vides, a prescrición que a regra bicita indicaba para os monxes no referente á dieta (regra de San Bieito, caps. 39-40), baseada en pan, viño e legumes. En toda boa mesa medieval, cada membro do mosteiro tiña dereito a unha dose de viño cada día, que podía ver aumentada en situacións determinadas, asociadas ao calor do verán ou pola dureza do traballo.

Imaxínade pois, no tempo da vendima, máis tamén ao longo do ano, coa sucesión marcada das estacións, a presenza amáble dun bo vaso de viño acompañando sempre cada acto relevante das relacións humanas. Toda a riqueza comunicativa tiña un vehículo para a expresión dos traballos e os días: o galego

DENOMINACIÓN DE ORIGE

Ribeira Sacra

ADEGA

Conde de Vidás

MARCAS COMERCIAIS

Conde de Vidás (mencia 85%, brancellao 12%, caiño 3%)
Clastrum(godello 60%, albariño 40%)

ENDEREZO

Ronda das Fontiñas, 180 entrechán
27002 - Lugo

TELÉFONO

610 255 354 - 982 246 959 - 982 255 354

CORREO ELECTRÓNICO

condedevidas@mundo-r.com



ADEGA



Disfrutando hoxe dun viño que xa conseguiu un recoñecemento en moitos lugares de Galicia e doutras zonas de España e do mundo, sinto a emoción do recoñecemento da vella propiedade familiar situada nun paraxe único e incomparable nas ladeiras do Miño, na comarca de Chantada, que alimentou con uvas a bodega e que se transformou en momentos de ouro líquido de emocionante e rico padal. E tamén en instantes irrepitibles de moitas biografías, moitos deles expresados a través do noso instrumento de cultura máis trascendente: a lingua galega.

Xosé Blanco López

da Veiga

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeira Sacra

ADEGA

Adega da Veiga

MARCAS COMERCIAIS

Adega do Veiga (mención 100%)

ENDEREZO

A Hermida 8 - Belesar
Chantada (Lugo)

TELÉFONO

982 171 732 - 657 805 731

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



do Bao



A naturalidade do noso viño e a súa elaboración non se pode desligar dos costumes e da fala daqueles que ao longo dos anos nos transmitiron os segredos para a súa colleita.

Adega do Bao xurde como unha iniciativa, e case como única alternativa, para continuar coa tradición que os nosos devanceiros tan ben souberon conservar.

Non imaxino abrir a canela do pipote para tomar un vaso de viño dos calexotes falando noutra lingua que non sexa aquela coa que medrei.

Edelmiro Domínguez González

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeira Sacra

ADEGA

Adega do Bao

MARCAS COMERCIAIS

Calexotes (mencia)
Calexotes (godello)
Gordo Melle (mencia 60%, garnacha 40%)
Do Miro (xerez e outros)

ENDEREZO

San Miguel de Oleiros-Os Peares
32440-Carballo (Lugo)

TELÉFONO

661 900 693 - 988 200 172

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Esther Teixeira Lemos

Un solo e un clima son marcas de identidade que nos personalizan como territorio e, nalgúns afortunados casos, permiten o miragre de transmutarse nun produto que nos comunica con outras realidades.

O viño é unha desas maravillosas creacións que emanan do bo entendemento entre o home e a terra. Eu quero facerme entender cada vez cun maior número de xente e, polo mesmo, desexo que a lingua de Galicia sexa a forma de expresión que nos recoñeza e nos proxecte no mundo.

Esther Teixeira Lemos

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeira Sacra

ADEGA

Esther Teixeira Lemos

MARCAS COMERCIAIS

Diego de Lemos (100% mencia)
Diego de Lemos (godello, treixadura)

ENDEREZO

Pincelo-Sariña
Chantada (Lugo)

TELÉFONO

982 171 666 - 690 048 338

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Guímaro



É a nosa aspiración codearnos cos grandes viños do mundo, sen complexos, produto da dedicación e da calidade, da súa autenticidade e respecto pola Terra. Un viño que nos mergulla nun conxunto de gratas sensacións que faga extensiva a marca da súa orixe, que é Galicia. O noso compromiso é elaborar un viño con referencias, que non se asocie aos viños xenéricos, senón que provoque o desexo e o gusto por descubrir outros sabores. Reivindicamos unha maneira diferente de cativar os sentidos do amante do viño, asociado a unha cultura aberta, receptiva e emerxente. De aí o interese e o agradecemento aos impulsores desta iniciativa, tan representativa do noso sector, para facermos do noso País unha singularidade.

Pedro Manuel Rodríguez Pérez

DENOMINACIÓN DE ORIXE

Ribeira Sacra

ADEGA

Adegas Guímaro

MARCAS COMERCIAIS

Guímaro (mencia)
Guímaro (mencia, envejecido en barrica de carballo francés "allier")

ENDEREZO

Sanmil, 43-Brosmos
Sober (Lugo)

TELÉFONO

982 152 508 - 610 524 484

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Falar de viño é imaxinar un mundo fascinante que dá personalidade á cultura dun territorio concreto, no meu caso á Ribeira Sacra. Viaxar hoxe en día, nun mundo teoricamente máis globalizado, fainos prezar de maneira máis forte a necesidade de valorar as referenzas do máis próximo, do que crea un sentimento de pertenza a un pobo, o que nos dá azos para elaborar produtos que nos fagan sentir protagonistas.

Jesús Mariño Sánchez

Jesús Mariño

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeira Sacra

ADEGA

Adega Jesús Mariño

MARCAS COMERCIAIS

Guxeba (100% mencia)
Guxeba (100% treixadura)

ENDEREZO

Guxeba-Sitio de Arriba
Chantada (Lugo)

TELÉFONO

982 440 077 - 620 306 680

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Lobeiras

O viño é unha carreira de fondo. Abofé que si, e comigo sei que o compartirán as familias, os homes e as mulleres que facemos deste traballo o noso oficio. Un labor que nos empeña en entender ás viñas e achegarlles todos os complementos co único obxectivo de conseguir un viño cheo de froita e de mineralidade que ofrezca un padal saboroso.

Confío que este conxunto de textos que ofrecemos para constituírse en libro, actúen como homenaxe e incitación á defensa e uso da lingua en todas as manifestacións da vida dos galegos e galegas. Neste percorrido non sobramos ninguén e, cada un, segundo as súas posibilidades, debemos arrimar o ombro, porque a tarefa é asequible aínda que complexa, porque como no viño hai que persistir paso a paso no camiño, centrados en consolidar e manter o que se vai conseguindo, pensando sempre en ofrecer a máxima calidade.

Xesús Veroa Pérez

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

ADEGA

MARCAS COMERCIAIS

ENDEREZO

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

Ribeira Sacra

Lobeiras C.B.

Priscillvs (mencia 80%, merenzao 10%, albarello 10%)

Barantes, 12
27421 - Sober (Lugo)

620 516 995

suver53@wanadoo.es



ADEGA



Moure

Sentímonos orgullosos da nosa orixe, da orixe dos nosos viños, das nosas ribeiras, das nosas castes de uva, do noso microclima, en fin, do que fai singular e único o noso viño. Por iso o etiquetamos no noso idioma: un viño galego orixinal no seu idioma orixinal.

Evaristo Rodríguez López
co-propietario

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeira Sacra

ADEGA

Adegas Moure, S.A.

MARCAS COMERCIAIS

Abadía da Cova (mencía)
Abadía da Cova(mencía, envejecido en barrica)
Cimbro (mencía)
Fuga (mencía)

ENDEREZO

Avda. Buenos Aires, 12
27540-Escairón (Lugo)

TELÉFONO

982 452 031

CORREO ELECTRÓNICO

abadiadacova@adegasmoure.com



ADEGA



Ponte Mourulle

Para unha ocasión como esta na que me sinto convidado a participar nun proxecto de promoción da nosa lingua a través dun produto da Terra, quixera regalarvos dúas das achegas que me son máis queridas: unha ten que ver co obxecto do noso traballo, unha copa do noso viño; a outra, un texto que vén recoller a tensión entre a tradición e os retos do futuro, tomado do prólogo a *La Zanfona*, do mestre Faustino Santalices, recollido por don Ramón Cabanillas. Gozade co seu padal e saberedes do oportuno da súa referencia: *Cantigas, coros, danzas, e bailadas naceron ao par e colleron o pulo por virtude dos aires e sons de gaitas, tiorbas, laúdes e zanfonas, e sen a súa compañía cairán -estámolo vendo- en brados, toadas, xipíos, pasos e punteados alleos, estranos aos nosos sentimentos melódicos, aos nosos ritmos íntimos, conxénitos coa nosa alma galega*. Música e sons para un anxeio común, que ten que ver co prestixio e o porvir de Galicia.

Fernando Núñez Carballo
Xerente

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeira Sacra

ADEGA

Ponte Mourulle, S.L.

MARCAS COMERCIAIS

Valdomende (mencia)
Penadoso (mencia, garnacha)

ENDEREZO

Rúa Fenosa, 1-San Xulián de Insua
Taboada (Lugo)

TELÉFONO

669 809 555 - 982 465 318

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Verao

Do noso viño direi que conta cunha sólida base como resultado dunha materia prima de gran expresión. Somos unha adega consolidada hai moitos anos que do mesmo xeito que o viñado onde traballamos compórtase coma un ente vivo, en movemento, atento aos cambios e innovacións do sector, que nos permiten ofrecer un produto cada vez máis competitivo nun ámbito produtivo en expansión.

Atentos a esa realidade que nos confire identidade, comprometémonos a desenvolver todo tipo de accións que prestixen e promovan a lingua de Galicia.

Como no mercado, academos expectativas e fagamos valer a nosa forza colectiva e a nosa historia.

José Ramón Verao Pérez

DENOMINACIÓN DE ORIXE

ADEGA

MARCAS COMERCIAIS

ENDEREZO

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

Ribeira Sacra

Adegas Veroa

Cividade (90% mencia, 10% alvarello)
Cividade (100% godello)

Outeiro, 20 - Bolmente
Sober (Lugo)

982 152 981 - 629 849 731



ADEGA



Esta adega, situada nunha paixase única en plena Ribeira Sacra, pertencía xa aos meus antergos e formou parte da súa vida nesta zona de Galicia onde a única lingua que se fala é a nosa, o galego. Xa que logo, utilizala na etiquetaxe dos meus viños é unha responsabilidade coa terra e coa historia.

Manuel Primitivo Lareu López

Viñedos Lareu

DENOMINACIÓN DE ORIXE

Ribeira Sacra

ADEGA

Adegas e Viñedos Lareu

MARCAS COMERCIAIS

Sabatelivs (100% mencia)
Sabatelivs (godello, treixadura, dona branca, loureira)
Ouvenza (65% mencia e outros)

ENDEREZO

Fondo de Vila - Sabadelle
Chantada (Lugo)

TELÉFONO

616 561 820

CORREO ELECTRÓNICO

www.adegaslareu.com





D. O. Ribeiro



D.O. RIBEIRO

Consello Regulador da Denominación de Orixe
Rúa Salgado Moscoso, 11
32400 Ribadavia (Ourense)
Tf: 988 47 72 00
Fax: 988 47 72 01
info@ribeiro.es
www.ribeiro.es

Normativa:

Orde de 2 de febreiro de 1976 do MAPA, polo que se aproba o Regulamento da Denominación de Orixe Ribeiro (BOE 24/02/76). Corrección de erros (BOE 13/04/76).

As actividades do Consello Regulador iniciáronse no ano 1957.

O territorio que comprende, cunha superficie aproximada de 3.000 hectáreas, atópase na zona occidental de Ourense, nas ladeiras que conflúen nos ríos Miño, Avia e Arnoia, da que forman parte os concellos de Castrelo de Miño, Ribadavia, Arnoia, Leiro, Cenlle, Carballeda de Avia, Beade, Punxín e Cortegada; as parroquias de Banga, Cabanelas e Varón do concello de Carballiño; as parroquias de Pazos, Albarellos, Laxas, Cameixas e Moldes do concello de Boborás; os lugares de Santa Cruz de Arrabaldo e Untes do concello de Ourense; os lugares de Puga, Igrexa de Puga, Olivar, os pobos de Feá, Celciro e a parroquia de Alongos do concello de Toén; e o lugar de Touza do concello de San Amaro.

A variedade preferente para a elaboración dos viños brancos é a Treixadura; as complementarias autóctonas son Torrontés, Albariño, Godello, e Loureira; e as complementarias autorizadas son Macabeo, Albilla e Xerez.

No caso dos tintos, a variedade autorizada é o Caíño; a complementaria autóctona é o Brancellao e as autorizadas son Ferrón, Sousón, Garnacha, Mencía e Tempranillo.



ADEGA



Acinus

A miña memoria, ategada de imaxes e anécdotas relacionadas co viño e as viñas, dime que o noso sector cambiou; e moito, ademais. Os coñecementos empíricos que temos para facer viño proveñen dunha longa tradición familiar que eu continuo. As colleitas eran desiguais, por forza. Hoxe, afortunadamente, os viticultores contamos con organismos profesionais que garanten a calidade na elaboración dos viños. Tal é así que os viños galegos gozan de recoñecido prestixio nos mercados internacionais. Aínda así, como digo, non debo esquecer como chegamos ata este punto. Quedan atrás os esforzos de moitos colleiteiros que co seu bo facer e moitas limitacións, fixeron que o sector vinícola sexa hoxe importante na economía galega.

Os nosos viños son, pois, a expresión milenaria dunha cultura que debe pervivir. Velai a razón de que eu procure identificar o meu coa lingua galega.

Alfredo Alvarado Pires

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Adega Acinus

MARCAS COMERCIAIS

Acinus (albariño, loureira, treixadura)

ENDEREZO

Barro de Gomariz, 9
32429-Leiro (Ourense)

TELÉFONO

988 488 165 - 636 766 791

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Alanís



Foi e segue a ser difícil asentar un proxecto económico do que depende un conxunto de persoas que decidiron dedicar o seu tempo e saber a unha actividade herdada dos antergos e connotada por unha historia xa milenaria. Somos parte dun sector no que cada día hai máis competencia e no que sabemos que resulta imprescindible a búsqueda de recursos e a complicidade de todo tipo de axentes sociais e económicos que nos axuden a facer valer a calidade dos nosos produtos. Somos conscientes de que, como tantas outras veces, a unión na defensa dos nosos intereses, daranos forza para recoller o froito da nosa calidade. Galicia conta con bos viños, pero a nova realidade internacional debe facernos comprender que son tódolos produtos da nosa Terra o sinal de excelencia que nos faga valer.

María Xesús Rodríguez

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Adega Alanís

MARCAS COMERCIAIS

San Trocado (70% treixadura, 20% ttorrontés, 10% loureira)
Gran Alanís (70% palomino, 30% ttorrontés)
Casal da Barca (100% palomino)

ENDEREZO


Barbantes-Estación
Cenlle (Ourense)

TELÉFONO

988 280 405

CORREO ELECTRÓNICO

mjrodrig@domecqbodegas.com





Ana Martínez González

Esperamos ilusionadamente os cambios necesarios para que o sector vinícola de Galicia nos posicione como un dos referentes dos viños de calidade nos diferentes mercados. Unha ocasión como a que se me ofrece resulta de especial interese para reclamar as actuacións necesarias, as directrices e as liñas estratéxicas que guíen o inmediato futuro da nosa profesión.

Amais de agradecer a invitación para participar neste documento a prol da afirmación e a promoción do uso da nosa lingua, aproveito a ocasión para reclamar a necesidade de contar cun plan Estratéxico dos viños de Galicia, que propoña as diferentes actuacións para alcanzar unha mellor posición neses mercados.

Servando Martínez González

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Ana Martínez González

MARCAS COMERCIAIS

Viña Culmiñas (torrontés)
Viña Culmiñas (mencia)

ENDEREZO

Casardeita-Macedo
Castrelo de Miño (Ourense)

TELÉFONO

630 279 304

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Antonio Cajide Gulín

O meu viño é un reflexo de mín mesmo, do que eu dou os demais. É tamén froito do amor á terra e da paixón polas miñas vides de variedades autóctonas coas que falo nesta lingua milenaria, xa que é o meu xeito natural de comunicarme.

Non entendería que o meu viño falase doutro xeito, sendo fillo de quen é, das terras do Ribeiro e meu.

Antonio Cajide Gulín

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Antonio Cajide Gulín

MARCAS COMERCIAIS

Sameirás(treixadura, albariño, lado, godello)
Sameirás (mencia, brancellao, sousón, caiño)
Viña do avó(treixadura, albariño, turrontés, godello)
Viña do avó(mencia, brancellao, sousón, caiño)

ENDEREZO

Santo André, 98
Ribadavia (Ourense)

TELÉFONO

988 491 812 - 678 894 963

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Aurora López González

Coñecer e conservar o patrimonio que se vai arriquecendo ao longo dos séculos, é obriga de toda unha comunidade. E por patrimonio entendo moitas das cousas que caracterizan o noso feito de sermos orixinais no mundo: unha música, un baile, unha paisaxe, un territorio, un estilo arquitectónico, un herdo oral... e a lingua, o noso principal instrumento de comunicación e de relación.

Máis que nunca, os avances sociais e de contacto entre os pobos do mundo non deben traducirse nunha unificación destrutora dos sinais de identidade, nin da imposición dunha cultura dominante, senón nunha opción en prol da mestizaxe fecunda e un maior coñecemento e respecto das singularidades de cada cultura.

Galicia e os seus viños saben moito de todo isto.

Xosé Antonio Carrasco González
co-propietario

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Aurora López González

MARCAS COMERCIAIS

Cenlle selección (treixadura, albariño)
Cenlle selección (mencia, tempranillo, caiño)
Señorio de Cenlle (treixadura, turrón)
Señorio de Cenlle (mencia)

ENDEREZO

Praza da Cruz
Cenlle (Ourense)

TELÉFONO

981 295 429 - 988 404 027

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Casal de Armán

Don Álvaro Cunqueiro, grande poeta e gastrónomo desta terra, comentou nalgunha ocasión: *aos galegos gústannos os nosos viños. Quizais porque teñen máis ganas de falar ca nós ou porque teñen un sabor fuxidío e, ao buscalo, lembramos tempos, lugares, amores, despedidas...* Cunqueiro atribúelle ao viño propiedades case máxicas. O viño é quen de falar e de facermos lembrar tempos, lugares.....

Detrás da voz de Cunqueiro ecoan dous conceptos: palabra e viño. O viño como expresión da nosa terra, que fala e que se comunica connosco cun dos seus froitos máis singulares, a uva. Identificar palabra e viño no Ribeiro é falar do uso do galego nos nosos caldos.

¿Porque non pensar que o viño fala por nós e que o viño, ese produto tan de noso, vai espallando polo mundo tamén a nosa lingua?. ¿Non ten, acaso, algo de máxico mesturar conceptos tan enxebres como *viño, cepas, treixadura, loureira...* Palabras que veñen de lonxe, palabras milenarias, cun idioma que tamén o é?

A nosa achega á defensa e potenciación do idioma galego, aínda modesta, é un recoñecemento á terra, testemuña de xeracións, que hoxe se expresa en Casal de Armán.

Javier González Vázquez

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Adega Casal de Armán

MARCAS COMERCIAIS

Casal de Armán(treixadura, torrontés, albariño, loureira)
Casal de Armán(brancellao, sousón, caiño, ferrol)
Eira dos Mouros (xerez con castes autóctonas)

ENDEREZO

O Cotiño-Santo André
Ribadavia (Ourense)

TELÉFONO

609 851 171 - 699 060 464

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Delfina Orge González

Co meu traballo e de quen me acompaña nesta aventura, dou a coñecer terras asucadas por viño que abren camiños para descubrir unha nova Galicia, a de emprendedoras e emprendedores que queremos medrar con prudencia, atentos ao mercado, fieis ao noso estilo, mantendo unha liña de prezos estable e comprometidos coa mellor tradición e coa innovación e o recoñecemento do noso País.

Contamos con viñedos propios sobre solos variados que producen viños cada vez de maior complexidade, e que buscan a satisfacción do consumidor.

Delfina Orge González

DENOMINACIÓN DE ORIGE

Ribeiro

ADEGA

Delfina Orge González

MARCAS COMERCIAIS

Casal de Vieite (sousón, caiño longo, mencia)
Casal de Vieite (treixadura, godello, torrontés)

ENDEREZO

Rua Laxiña 11
Leiro 32420 (Ourense)

TELÉFONO

988 488 075 - 988 488 003

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



do Canto

A competitividade dun país é froito de combinar a consecución dun certo recoñecemento histórico, xunto coa capacidade por ofrecer un produto de calidade, sabendo potenciar unha imaxe de marca cada vez máis apetecible. Unha parte moi importante da nosa actividade profesional, concentrámola na consecución dun viño de calidade, expresión da nosa experiencia como produtores; máis ben sabemos da importancia de sentirmonos galegos no mundo e da proxección da nosa Terra en todos os mercados. De aí o noso compromiso coa lingua no quefacer profesional e no ámbito das relacións persoais.

*José Antonio Senra Osorio
Eduardo Senra Osorio*

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Adega do Canto, S.C.

MARCAS COMERCIAIS

Adega do Canto (treixadura, godello,
torrontés, loureiro, lado)
Adega do Canto (mencia, sousón, brancellao)

ENDEREZO

Avda. Alejandro Ferrer, 1
Barral 32430-Castrelo de Miño (Ourense)

TELÉFONO

988 493 094 - 988 493 242

CORREO ELECTRÓNICO





Dolores Villanueva Cobelas



Compartir un viño é o que o fai grande. Compartir unha vida é o que da sentido á nosa existencia, rodeado da xente que cre en ideas comúns, en empresas realizables, en soños posibles. O viño que ofrecemos para degustar en calquera situación ten algo dese valor engadido que todos buscamos para as nosas creacións, que sirva para favorecer o encontro, a convivencia e a ambición dun futuro mellor.

En Galicia, en galego.

Dolores Villanueva Cobelas

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Dolores Villanueva Cobelas

MARCAS COMERCIAIS

Val do Rial (treixadura, torrontés, xerez)

ENDEREZO

Cortiñas, 15-Rial
32430-Castrelo de Miño (Ourense)

TELÉFONO

988 493 121

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Elisa Collarte Bernárdez

Un viño disfrutado so ou en boa compañía abre as portas, desde o punto de vista gastronómico e enolóxico, ao pracer. Non se trata pois de cousa miúda, traballar coa capacidade de percepción das persoas na búsqueda de novas sensacións. Nós abrimoslle as portas para que saiba apreciar un produto de calidade, con identidade e con personalidade para autorecoñecerse.

Déixese acompañar e exprésese, como o noso viño, en galego. Convidámolo ilusionadamente a que use a lingua galega en toda sorte de situacións e a poder ser, cunha copa de viño de Galicia entre as mans.

Andrés Diéguez Collarte

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Elisa Collarte Bernárdez

MARCAS COMERCIAIS

Elisa Collarte (mencía)
Elisa Collarte (treixadura, torrontés, godello)
Cordón de Santo André (treixadura)
Barazal (xérez, treixadura, torrontés)

ENDEREZO

San Andrés
Ribadavia (Ourense)

TELÉFONO

670 473 266

CORREO ELECTRÓNICO





Emilio Docampo Diéguez

Entendo que só en galego se pode reflectir axcitadamente o que quero expresar cos meus viños, os seus matices e as súas características.

Para un produto auténtico, enxebre, da nosa terra, ten que haber unha lingua tamén auténtica, enxebre e da nosa terra: a lingua galega, orgullo de todos nós e dos que a levaron polo mundo adiante.

Así son os meus viños: naturais, coidados con esmero e agarimo e cheos de matices que os fan únicos.

¡Ogallá disfrutedes deles con toda a ledicia e ilusión con que eu vos los presento!

Emilio Docampo Diéguez

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Emilio Docampo Diéguez

MARCAS COMERCIAIS

Casal de Paula (treixadura, torrontés, albariño)
Viña Diéguez (treixadura, torrontés, loureira)
Senso Vadio (sousón, ferrol, mencia)

ENDEREZO

Santo André, 57
Ribadavia (Ourense)

TELÉFONO

988 491 804 - 639 332 790

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Francisco Fernández Sousa

O Ribeiro non é só patrimonio dunha comarca ou dunha provincia. É patrimonio de Galicia. Diso non debe dubidar ninguén.

Poucos produtos da terra están tan nidiamente unidos á imaxe de Galicia como a denominación de orixe Ribeiro.

Ao noso xuízo a utilización do galego no etiquetado é un feito lóxico por ser, precisamente, un produto da terra, imaxe da Comunidade Autónoma, e ademais, desde o punto de vista da proxección externa, serve para aproximar a nosa lingua a outros pobos, tanto dentro como fóra do Estado.

*Francisco Fernández Sousa
Francisco Fernández Rodríguez*

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Francisco Fernández Sousa

MARCAS COMERCIAIS

Terra Minei (treixadura)
Casal Brais (palomino, torrонтés)
Lagar de Brais (palomino, torrонтés)

ENDEREZO

Prado, 14
Castrelo de Miño (Ourense)

TELÉFONO

988 489 077

CORREO ELECTRÓNICO

info@terraminei.com
www.terraminei.com



ADEGA



Jaime López Vázquez

Exprésome en galego porque é a lingua que rexe o meu quefacer cotiá en todas as súas manifestacións. E esténdoa a todas as actividades que de min dependen e ás relacións que favorecen o uso do galego. Convido fervorosamente a que as empresas do sector do viño, en toda a súa documentación interna, na publicidade, nas relacións empresariais, no quefacer cotiá cos diferentes oficios que interveñen na posta no mercado do produto, na recuperación da microtoponimia da zona, na etiquetaxe, e onde cada un entenda que pode favorecer e promocionar a extensión do uso do galego, o exerza.

Os galegos e as galegas dos tempos que veñan sentirán con orgullo o noso alento de hoxe.

Jaime López Vázquez

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Jaime López Vázquez

MARCAS COMERCIAIS

Viña Guimerans (40% sousón, 30% caiño, 10% garnacha)
Viña D. Anzón(90% treixadura, 10% torrontés)
Viña Guimerans (50% treixadura, 10% torrontés,
20% godello, 10% palomino)

ENDEREZO

Porta Nova de Arriba 30
Ribadavia (Ourense)

TELÉFONO

616 176 644 - 988 471 161

CORREO ELECTRÓNICO





José Camilo López Rodríguez



Terreos graníticos, ricos en areas, que fan que as uvas se expresen con arrecendo de sutís notas froitais, perfumes florais e erbas aromáticas, e que regala en boca unha caricia untuosa, de recordos froitais e cítricos... Unha descrición que podemos atopar nunha folla de cata para xulgar a calidade do produto relacionado co gusto, que se fixa na memoria e que se obtén pola práctica continuada do goce dun bo viño. Isto é o que chamamos a memoria olfativa, na que estructuramos todo o aprendido e que eu quero traer aquí para comparala coa necesidade de convocar a memoria colectiva, imprescindible para comprometermos na loita polo uso e difusión en todos os ámbitos da nosa vida, da nosa lingua.

José Camilo López Rodríguez

DENOMINACIÓN DE ORIGE

Ribeiro

ADEGA

José Camilo López Rodríguez

MARCAS COMERCIAIS

Viña Teixeira (treixadura)
Pedreiraña (xérez e treixadura)

ENDEREZO

Rosalía de Castro, 9
Carballada de Avia (Ourense)

TELÉFONO

988 487 024

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



José Luís Rodríguez Pérez

Catar a uva, coñecer o segredo da cepa e elaborar o mellor viño, son as rutinas que guían a miña actividade profesional ao longo dos meses que discorren ata lograr un dos produtos máis agradecidos da terra. Teñen pasado moitos anos desde que recibín como mellor herdanza o viñado no que manter a tradición e o traballo para as familias que nos dedicamos a este labor, e é agora cando me decato da importancia de perseverar naquelo que me satisface e me da recoñecemento.

Como a nosa lingua, o vehículo que fai eficaz e próxima a miña comunicación.

José Luís Rodríguez Pérez

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

José Luis Rodríguez Pérez

MARCAS COMERCIAIS

Pradominio (treixadura, godello, loureira, torrontés)

ENDEREZO

Prado do Miño 49
32432 - Castrelo de Miño (Ourense)

TELÉFONO

988 489 052 - 655 386 765

CORREO ELECTRÓNICO

info@pradominio.com
www.pradominio.com



ADEGA



Loural



Co decorrer do tempo en Galicia producíronse transformacións importantes en tódolos ámbitos, tamén no sector vinícola. Mudaron os sistemas de produción; pasamos do traballo manual ao traballo industrial, coa incorporación de maquinaria capaz de facer o labor que antes facían centos de persoas. Sen embargo, o que permanece inalterable é a viña; Mellorouse a calidade das castes, conseguindo, xa que logo, un viño mellor. Pero non todos os colleiteiros transformaron as súas explotacións a un tempo. Os nosos viños son froito do traballo a pé de viña e da sabedoría dos nosos devanceiros, que só coñecían un idioma, o galego, e polo tanto non poden falar outra lingua.

Por iso, desde 1981, etiquetamos en galego.

José Villar Fernández

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

José Villar Fernández

MARCAS COMERCIAIS

Loural (treixadura, lado, torrontés, godello)
Loural (mencia, caiño, brancellao, tempranillo, garnacha)
Souto do Bato (xerez)

ENDEREZO

Remuíño, s/n
Arnoia (Ourense)

TELÉFONO

988 492 955 - 630 529 992

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Luís Anxo Rodríguez Vázquez

Vivimos momentos de cambio no complexo e diverso mundo do viño que son fiel reflexo das transformacións que se están a producir no contexto político de Galicia, a traducirse nun Plan Estratégico do Viño no ámbito europeo, do que resulta bo exemplo a próxima reforma da Organización Común do Mercado (OCM) do Viño, que vai permitir axecitar as novas regras do xogo ao acontecer do mercado mundial deste produto. En definitiva, danse ameazas e contamos con fortalezas no sector. De aí o interese e o agradecemento a iniciativas como esta promovida pola Asociación de Funcionarios para a Normalización lingüística de Galicia, que nos debe permitir unha maior presenza e recoñecemento diante da sociedade que nos ten que demandar e valorar.

O viño galego, todos os viños galegos, teñen que identificarse, en primeiro lugar coa Terra que os crea e coas mans que se expresan a través dun produto orixinal e, en segundo lugar, coa calidade e cunha lingua igualmente única, o galego.

Luís Anxo Rodríguez Vázquez

DENOMINACIÓN DE ORIGE

Ribeiro

ADEGA

Luis Anxo Rodríguez Vázquez

MARCAS COMERCIAIS

Viña de Martín (treixadura, albariño, lado, tarrantés)
A Torna dos Pasás (caíño longo, caíño redondo,
brancellao, ferrol)

ENDEREZO

Laixa, 7
32417-Arnoia (Ourense)

TELÉFONO

608 989 752 - 988 492 977

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Manuel García Carrasco



Leive supón, non só un compromiso coa calidade, senón tamén coa cultura na que se produce. O propio nome da marca fai referencia a unha lenda sobre unha matrona do castro celta de San Cibrán de Lás, na época da dominación romana, no momento no que se supón comezan as plantacións de viñedos no Ribeiro. Esa lenda aparece narrada nun colarín que pende de todas as nosas botellas. A lingua galega na que se narra é a mesma na que se traballa nos viñedos e na adega.

Preséntase así un produto que reclama o orgullo dos viños do Ribeiro pola súa calidade e pola súa cultura, lingua e tradicións. O compromiso leva, finalmente, a presentar no mercado un viño galego, en galego, aínda que para un mercado ambicioso territorialmente.

Manuel García Carrasco

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Manuel García Carrasco

MARCAS COMERCIAIS

Leive (80% treixadura, 10% albariño, 10% loureira)

ENDEREZO

Esposende
Cenlle (Ourense)

TELÉFONO

629 345 932 - 606 504 170

CORREO ELECTRÓNICO

docampo@udc.es



ADEGA



María Álvarez Serrano

Sabemos da importancia política, social e relixiosa que tivo o viño nas diferentes culturas, documentada en multitude de inscricións, pinturas murais e representacións iconográficas. Ao longo dos tempos acompañou a actividade cotiá de faraóns, reis, militares, clero, nobres, e aos pobos de todas as nacións. Para todos, o viño resultou unha das bebidas máis estimadas, utilizado nas máis diversas funcións e presente en todo tipo de aconteceres. A presenza do viño e os amantes do viño impregnan toda a nosa historia. Tamén en Galicia, onde territorios enteiros son coñecidos pola calidade deste produto e onde podemos sentirnos orgullosos de pertencer e ter achegado, en cantidade e en calidade, caldos que deron voz e texto a páxinas da historia.

Tamén en Galicia e en galego.

Xosé Lois Sebio Puñal
Enólogo e Director técnico da empresa

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

María Álvarez Serrano

MARCAS COMERCIAIS

Coto de Gomariz (do ano)
Coto de Gomariz (fermentado en barrica)
Abadía de Gomariz (media crianza)
VX Cuve'e Caco (alta expresión)

ENDEREZO

Barro de Gomariz - Gomariz
Leiro (Ourense)

TELÉFONO

988 488 774 - 607 203 277

CORREO ELECTRÓNICO

gomariz@cotodegomariz.com



ADEGA



María do Pilar Vázquez Pérez

Calquera momento do día é bo para degustar un viño, preferentemente en compañía, facendo da relación social un acto de irmandamento e de camaradería. Difícil é atopar un acto social ou unha actividade de traballo que non teña asociado un tempo para o debate e a toma de decisións arredor dunha copa de viño. Non todas as xuntanzas teñen como referente exclusivo o lápis e o papel, hai máis olores e recordos...

M^a do Pilar Vázquez Pérez

DENOMINACIÓN DE ORIXE

Ribeiro

ADEGA

Maria do Pilar Vázquez Pérez

MARCAS COMERCIAIS

Senlleiro (treixadura, tarrantés, godello)
Senlleiro (palomino, tarrantés)
Rechamante (mencia)

ENDEREZO

Casardeita
Castrelo de Miño (Ourense)


TELÉFONO

988 475 236

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Pazo do Mar

A nosa familia puxo en marcha un proxecto vinícola que achega un novo valor á identidade dos viños desta denominación de orixe. Un viño que ten recibido varios premios e mencións pero sobre todo o galardón máis perseguido: o do recoñecemento do público.

Os responsables deste proxecto somos fieis á tradición na elaboración do produto, coñecedores dos avatares da profesión; pero apostamos, investimos e nos adaptamos aos novos tempos, ás novas tecnoloxías e a un novo xeito de entender o viño.

De igual xeito, queremos deixar constancia de que o galego foi a lingua de comunicación e de relación na empresa, outro sinal de identidade que as novas xeracións temos bo coidado en manter, aínda máis ao sermos plenamente conscientes da importancia que ten hoxe a existencia dunha cultura cada vez máis estendida que asocia calidade do produto e respecto pola identidade.

Manuel Méndez Paz
Xerente e enólogo

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Pazo do Mar, S.L.

MARCAS COMERCIAIS

Expresión de Pazo do Mar (100% treixadura)
Pazo do Mar (80% treixadura, torrontés, godello)
Torre do olivar (palomino)

ENDEREZO

Estrada Ourense-Castrolo, Km. 12,5
Feá (Ourense)

TELÉFONO

988 261 256

CORREO ELECTRÓNICO

info@pazodomar.com
www.pazodomar.com



ADEGA



Pazo Lalón



Desde que os romanos chegaron ao Ribeiro, o viño forma parte da cultura e da historia do Val. Do mesmo xeito que o idioma galego, o viño é o sinal de identidade arraigada no pobo e nas xentes que o habitan.

Co tempo transcorrido no exercicio desta profesión, quixemos anotar un cambio significativo no camiño andado: aquel concepto industrial da produción do viño, lexítimo e necesario en épocas que xa pasaron, e a necesidade de avanzarmos cara un produto de inmensas posibilidades que sexan expresión da personalidade irrepetible da terra de Galicia, fixeron que o viño do Ribeiro acadase hoxe niveis de calidade que o fan competitivo.

*Eduardo González Bravo
José Avelino González Bravo*

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Pazo Lalón

MARCAS COMERCIAIS

Pazo Lalón (treixadura, albariño)

ENDEREZO

Barro de Gomariz, s/n
Leiro (Ourense)

TELÉFONO

653 131 487

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Pousadoiro



Este viño é o resultado dun traballo ben feito, que combina a mellor tradición artesá no cultivo dos viñedos, a recolla manual da uva escollida na viña, cunha tecnoloxía cada vez máis moderna na adega e o asesoramento necesario, para facer da materia prima un produto sutil en narís, equilibrado en boca e con arrecendos de froitas maduras con óso e recordos a froitas tropicais.

Estamos nun momento de transformación da empresa que nos permita conservala como propiedade, consolidala, aumentar a capacidade de relación e de innovación, para que poidamos transmitirla aos nosos descendentes de igual modo que nós a recibimos dos nosos devanceiros, que a mantiveron ao longo de máis de catro séculos.

Alfredo Fernández Rodríguez

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Adega Pousadoiro

MARCAS COMERCIAIS

Pousadoiro (40% treixadura, 40% godello,
15% torrontés, 5% loureira)

ENDEREZO

Carballeiras - Barral
32232-Castro de Miño (Ourense)

TELÉFONO

667 568 029 - 988 493 053 - 988 493 105

CORREO ELECTRÓNICO

pousadoiro@gmail.com
www.pousadoiro.tk



ADEGA



Rivera

Nunha sociedade cambiante, complexa e en exceso apurada, convén por saúde psicolóxica, contar con espazos e momentos que nos reconforten. Por isto nos preocupamos nós, por dispoñer dun elixir que, tomado coa cerimonia e o boato que se merece, nos permita gozar despacio e percibir e desvelar o segredo que acompaña cada copa do noso viño, pleno de sensacións e de arrecendos variados e profundos, que coexisten en harmonía e cunha persistencia en boca prolongada.

Tamén se trata disto cando falamos dun viño: dun estado de ánimo de máxima relaxación, no que apreciar todas as súas cualidades. ¡Noraboa por ter bo gusto!.

*Ernesto López
Valeiras Rivera*

DENOMINACIÓN DE ORIXE

Ribeiro

ADEGA

Rivera S.L.

MARCAS COMERCIAIS

Mouchiño (mencia)
Mouchiño (treixadura, torrontés, albariño, godello, lado)
Gran Rivera (treixadura, torrontés, albariño, godello, lado)
Rivera (xerez)

ENDEREZO

Barbantes Estación
Cenlle (Ourense)

TELÉFONO

678 525 563 - 988 280 011

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Val do Deva



Atendendo aos valores sociais e á cultura organizativa de Galicia, temos que promover un maior compromiso da sociedade civil co patrimonio cultural en todas as súas facetas, implicándonos como usuarios de todas as súas manifestacións e como cidadáns esixentes que queren os mellores produtos para competir libremente en todos os mercados.

Queremos esa complicidade: os mellores viños e a defensa e a promoción dos nosos produtos; mellor na lingua que nos foi dada, o galego.

Emilio Montero Zorrilla

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Adega Val do Deva

MARCAS COMERCIAIS

Val do Deva (treixadura, albariño)
Val do Deva (mencia, caiño)

ENDEREZO

Valongo-Adecolada, 5
Cortegada (Ourense)

TELÉFONO

659 881 767 - 986 251 490 - 988 482 113

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Cheguei a entender o que hai ben tempo teño escoitado: por regra xeral, facer as cousas ben, adoita ser máis barato que facelas menos ben. A salvo, claro está, dalgúns procesos hoxe en día necesarios na produción dun bo viño, que por outra parte elevan a súa calidade. Na brega continuamos, facendo dunha pequena adega, que non obstante ten unha xa longa tradición vinícola e que aposta por crear un viño galego de calidade a un prezo competitivo.

Vicente Giraldez Fernández

**Vicente Giraldez
Fernández**

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Vicente Giraldez Fernández

MARCAS COMERCIAIS

Alecrín (treixadura, godello, tarrantés, albariño)
Alecrín (mencía, caiño, garnacha)

ENDEREZO

32454-Cenlle (Ourense)

TELÉFONO

988 404 030 - 675 517 028

CORREO ELECTRÓNICO



ADEGA



Vitivinícola do Ribeiro



No mundo do comercio faise cada vez máis necesario segmentar o mercado, o que implica coñecer as necesidades, as expectativas, o que é valioso e o que non o é para os distintos consumidores, para poder así categorizalos. Todo isto co decidido obxecto de engadir valor ao produto de que se trate.

Preocúpame a calidade do viño que producimos, síntome solidario co porvir do noso sector produtivo; entendo e valoro a necesidade de diversificar o mercado, pero non esquezo que a ferramenta expresiva que máis nos identifica, que máis valor engadido nos achega é o uso e promoción da lingua de Galicia, como máxima expresión da nosa capacidade de creación colectiva.

Saúde.

Manuel García Montero
Presidente

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Ribeiro

ADEGA

Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro S.C.G.

MARCAS COMERCIAIS

Colección Costeira (treixadura)
Colección Costeira (albariño)
Colección Costeira (barrica)
Viña Costeira

ENDEREZO

Valdepereira
32415-Ribadavia (Ourense)

TELÉFONO

988 477 210

CORREO ELECTRÓNICO

comercial@pazoribeiro.com





D. O. Valdeorras



D.O. VALDEORRAS

Consello Regulador da Denominación de Orixe
Ctra. N-120, pk.463
32340 Vilamartín de Valdeorras (Ourense)
Tf: 988 30 02 95
Fax:988 33 68 87
conselloreg@teleline.es
www.dovaldeorras.com

Normativa:

Orde de 24 de febreiro de 1977 do MAPA, pola que se aproba o Regulamento da Denominación de Orixe Valdeorras (BOE 1/04/77)

Orde de 18 de febreiro de 2000 da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Alimentaria pola que se modifica o Regulamento da D.O. Valdeorras, ratificada pola Orde de 9 de maio de 2000 do MAPA (BOE 18/05/00).

Recoñecida por Orde Ministerial do 27 de xullo de 1945, esténdese esta denominación de orixe, que ten unha superficie de arredor de 1.500 hectáreas, ao longo dos ríos Sil, Xares e Bibei, por vales e ladeiras dos montes das localidades de O Barco, A Rúa, Vilamartín, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín e Rubiá, situadas na zona oriental da provincia de Ourense.

A variedade preferente para a elaboración dos viños brancos é a Godello, autorizándose tamén a Dona Branca e a Palomino. Para os tintos, a preferente é a Mencía, e autorizadas, Garnacha, Merenzao, Grao Negro e Alicante.



ADEGA



Alán

O equipo humano desta familia que constitúe a empresa Alan, S.A.T. leva xa moitos anos loitando por elaborar un viño de calidade, innovando e incorporando novas variedades e novas técnicas, de acordo coas características da Denominación de Orixe que identifica ao noso viño cun produto de calidade.

O favor do consumidor e de moitos catadores, fainos sentir orgullosos do camiño andado e do esforzo desenvolvido. O apoio da familia, a dedicación do grupo de persoas que me acompañan e a renovación das instalacións e incorporación de novas tecnoloxías, nos permite ser optimistas para afrontar as sucesivas adaptacións ao cambiante mercado no que imos ter que realizar esta actividade.

*Manuel Sánchez Rodríguez
co-propietario*

DENOMINACIÓN DE ORIGE

Valdeorras

ADEGA

Alán S.A.T.

MARCAS COMERCIAIS

Alan de Val (godello)
Alan de Val (mencía)

ENDEREZO

San Roque, 36
A Rúa de Valdeorras (Ourense)

TELÉFONO

988 311 457

CORREO ELECTRÓNICO

alandeval01@yahoo.es



ADEGA



Día e Noite

¿Cómo non participar na maridaxe máis feliz que ao meu entender se pode dar: Lingua e Terra? A que eu traballo, permíteme crear un viño que favorece a comunicación entre todas as persoas que aman o noso País.

Efectivamente, somos un mundo, e temos que darnos a coñecer para que se nos respecte e se valore o produto que nós elaboramos, asociado aos mellores parámetros de calidade que o mercado sinala.

A cultura que eu quero vai tamén asociada á capacidade de divertirse e de emocionarse, como un novo valor ao que sumarnos. Colleiteiros e adegueiros temos a obriga de promover valores asociados ao viño, mundialmente relacionados coa riqueza gastronómica de Galicia, e o noso traballo ten que ter o obxectivo engadido de revalorizar e ampliar o uso da lingua galega para a nosa conformación como seres culturais dentro dun contexto específico. Á marxe de diferenzas ideolóxicas e culturais, estamos en moi boa disposición para axudar a implantar a idea de que o galego é lingua de todos os sectores sociais e que é un valor engadido para máis mercadorías, tal e como comprobamos no noso sector cando cada vez maior número de clientes din preferir o noso produto se está etiquetado en galego.

*Cristina Murga Macías
Responsable da adega*

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Valdeorras

ADEGA

Adegas Día-Noite S.L.

MARCAS COMERCIAIS

Galiciano Día (godello)
Galiciano Noite (mencia)
Galiciano Árbore (godello barrica)

ENDEREZO

Estrada do Carballal, s/n
Petín de Valdeorras (Ourense)

TELÉFONO

988 311 462 - 696 651 080

CORREO ELECTRÓNICO

galiciano@galiciano.com



ADEGA



Jesús Nazareno

Nun mercado como o vinícola, no que se ten producido unha gran transformación, sigo crendo que a innovación debe ser un valor a incorporar de maneira permanente en todos os procesos que teñen que ver con este mundo. Temos que apostar por introducir técnicas de cultivo e prácticas de vendima, que fagan dos viños de Galicia un sector altamente competitivo no mercado do viño.

Dito isto, quero así mesmo renovar o meu voto de fidelidade e de aposta pola causa da normalización do galego, como un dos factores asociados a un venturoso futuro para a nosa profesión.

Francisco Cao Rodríguez
Enólogo

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Valdeorras

ADEGA

Cooperativa Jesús Nazareno S.C.G.

MARCAS COMERCIAIS

Moza Fresca (xérez, godello)
Menciño (mencia)
Valdouro (garnacha, mencia - barrica-)
Viña Abad (godello)
Aurensis (godello -barrica-)

ENDEREZO

Avda. Florencio Delgado Gurriarán, 62
32300-O Barco de Valdeorras (Ourense)

TELÉFONO

988 320 262

CORREO ELECTRÓNICO

coopbarco@infonegocio.com



ADEGA



O Casal

Unha adega conta cunha historia e unha experiencia que non se aprende doadamente nos libros. Din os franceses, de quen moito temos que aprender polo respecto á tradición e á capacidade de innovación no ámbito do viño, que moito do conseguido neste sector ten que ver cun “savoir faire”, cunha forza e cun espírito de superación que nos recorda a esta primeira célula de convivencia. Así o cremos, polo valor que ten cada momento de transición, cada decisión, cada aposta por mellorar e ampliar a empresa.

Benvida sexa esta e todas as iniciativas que pulen por unha actividade profesional que tanto pode facer por proxectar unha nova imaxe para un País ambicioso como o que todos nós desexamos.

*Manuel Fernández Fernández
co-propietario*

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Valdeorras

ADEGA

O Casal S.A.T.

MARCAS COMERCIAIS

Casal Novo (100% godello)
Casal Novo (100% mencia)

ENDEREZO

Rúa Vilafranca, 94
Rubiá (Ourense)

TELÉFONO

689 675 800

CORREO ELECTRÓNICO

casalnov@casalnov.es



ADEGA



Ribouzo

O reto e o segredo teñen que ser a dedicación, o amor, o coidado e a identificación cunha cultura, como se da educación dos nosos fillos e fillas se tratase. Temos que ser un referente no coidado do medio ambiente e na educación dos consumidores do noso produto. A sostibilidade é un concepto moi próximo e útil para o sector do viño, fíeis ao mellor da nosa historia, sen deixar de renovarnos e investir en novos proxectos.

Contade con esta adega para achegas como a que representa este libro, que en galego recolle as arelas de innovación dos produtores e o noso compromiso coa cultura de Galicia. Aquí estamos un número importante de adegueiros, aínda que de certo xa non recolle a todos e a todas os que somos. Contaremos con eles para posteriores iniciativas.

Manuel Trincado Álvarez
co-propietario

DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Valdeorras

ADEGA

Ribouzo, S.A.T.

MARCAS COMERCIAIS

Ribouzo (100% godello)
Ribouzo (100% mencia)
Ribouzo (50% mencia, 50% garnacha)

ENDEREZO

Valencia do Sil
Vilamartín de Valdeorras (Ourense)

TELÉFONO

654 843 898

CORREO ELECTRÓNICO

ribouzo@yahoo.es
www.adegasribouzo.com





ÍNDICE

PRÓLOGOS

Emilio Pérez Touriño	8
Alfredo Suárez Canal	10
Xosé González Martínez	12
Xosé M. Rodríguez-Abella	
Xoaquin Monteagudo Romero	

VIÑOS DE GALICIA CON DENOMINACIÓN DE ORIXE

D.O. Monterrei	26
Adega Manuel López Chaca	28
D.O. Rías Baixas	34
Adega Carmen Viera Martínez	36
Adega Durán	40
Adegas Galegas	44
Adega Martín Códax	48
Adega Pazo Villarei	52
Adega Quinta do Couselo	56
Adega Terras Gauda	60
Adega Viñas do Torroxal	64
Adega Viñedos Troncoso	68
D.O. Ribeira Sacra	74
Adega Algueira	76
Adega Amelia Ledo Vence	80
Adega Angel e J. Ramón Álvarez Lorenzo	84
Adega Cabo do Mundo	88
Adega Cachín	92
Adega Conde de Vidás	96
Adega da Veiga	100
Adega do Bao	104
Adega Esther Teixeira Lemos	108
Adega Guímaro	112
Adega Jesús Mariño	116
Adega Lobeiras	120
Adega Moure	124
Adega Ponte Mourulle	128
Adega Verao	132
Adega Viñedos Lareu	136

D.O. Ribeiro	142
Adega Acinus	144
Adega Alanís	148
Adega Ana Martínez González	152
Adega Antonio Cajide Gulín	156
Adega Aurora López González	160
Adega Casal de Armán	164
Adega Delfina Orge González	168
Adega Do Canto	172
Adega Dolores Villanueva Cobelas	176
Adega Elisa Collarte Bernárdez	180
Adega Emilio Docampo Diéguez	184
Adega Francisco Fernández Sousa	188
Adega Jaime López Vázquez	192
Adega José Camilo López Rodríguez	196
Adega José Luís Rodríguez Pérez	200
Adega Loural	204
Adega Luís Anxo Rodríguez Vázquez	208
Adega Manuel García Carrasco	212
Maria Alvarez Serrano	216
Adega María do Pilar Vázquez Pérez	220
Adega Pazo do Mar	224
Adega Pazo Lalón	228
Adega Pousadoiro	232
Adega Rivera	236
Adega Val do Deva	240
Adega Vicente Giraldez Fernández	244
Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro	248

D.O. Valdeorras	254
Adega Alán	256
Adega Día e Noite	260
Adega Jesús Nazareno	264
Adega O Casal	268
Adega Ribouzo	272

